

## Criterios para a Valoración da Producción Científica

---

O seguimento da actividade científica na Universidade de Santiago de Compostela ven facéndose dende hai anos en termos da produción científica (PC) do PDI e sobre uns criterios definidos antes do inicio do presente século. Ao longo da última década a valoración da produción científica foi asentándose sobre a avaliación dos Grupos de Investigación como unidade organizativa básica e moi consolidada, así como veu constatándose a perda de relevancia de algúns indicadores de medida.

Desde esta perspectiva, xurde a necesidade de contar cun novo modelo de valoración da PC que, dunha banda simplifique a valoración da produción científica coa monitorización dos ítems que se relacionan a continuación, e doutra, consolide o seguimento da PC da USC asociada aos Grupos e Unidades de I+D (Institutos, Centros e Departamentos) onde operan e se organizan formalmente os mesmos. Asemade, diversos organismos, tanto nacionais como internacionais, teñen seleccionado unha serie de indicadores para poder definir análise comparativos e ranking que deben contemplarse e actualizarse nos criterios de valoración da PC.

A seguinte Táboa presenta os ítems a valorar para cada PDI permanente ou non permanente<sup>i</sup> en termos de produción científica, actividade de investigación e transferencia. O conxuntos dos puntos acadados por cada PDI poden agruparse en unidades organizativas superiores como Grupos, Departamentos ou Centros de Investigación.

<b>Unidade de produción</b>	PDI		
<b>Unidade Organizativa</b>	Grupo-Departamento-Instituto/Centro Singular		
<b>Puntuación</b>			
<b>1- Teses de doutoramento</b>	<b>Mención internacional</b>		<b>Sen mención</b>
Cualificación <i>cum Laude</i>	10		8
Outras cualificacións	8		6
<b>2- Publicacións non periódicas</b>			
2.1. Libros	<b>Autor</b>		<b>Editor</b>
<i>Editorial internacional</i>	12		6
<i>Editorial nacional</i>	8		4
2.2. Capítulos de libros			
<i>Editorial internacional</i>			6
<i>Editorial nacional</i>			3
<b>3.- Artigos en revistas científicas</b>			
Q1 en JCR ou Scopus; A+ e A en CIRC			12
Q2 en JCR ou Scopus; B en CIRC			8
Q3 en JCR ou Scopus; C en CIRC			4
Q4 en JCR ou Scopus; D en CIRC			2
<b>4. Patentes concedidas</b>	<b>Internacional</b>		<b>Nacional</b>
	5		2
<b>5. Contratos de transferencia</b>			
			4
<b>6. Proxectos competitivos</b>	<b>Internacional</b>	<b>Nacional</b>	<b>Outros</b>
<i>IP ou co-IP</i>	8	6	2
<i>Coordinador PE ou ERC</i>	12		
<b>7. Contratos e Servizos de I+D</b>			
<i>Contratos/Convenios/Servizos de I+D (+10.000 €)</i>			4
<i>Contratos/Convenios/Servizos de I+D (+3.000 € e -10.000 €)</i>			2

## Crterios para a valoración da produción científica

### 1. Teses de doutoramento

Dirixidas/codirixidas por PDI da USC. No caso dunha Tese dirixida por dous ou mais membros a puntuación dividirase entre o número de eles.

### 2. Publicacións non periódicas

#### 2.1. Libros

Se valorarán os libros con ISBN ou Depósito Legal, publicados en editoriais de recoñecido prestixio nacional ou internacional e cun procedemento selectivo para a aceptación de orixinais. A puntuación do libro dividirase entre o número de autores PDI da USC.

Non se valorarán na Axuda á Investigación da USC os libros/monografías que sexan editados por:

- a) os propios autores ou por persoas físicas,
- b) por empresas reprográficas, copisterías, librerías, empresas de artes gráficas ou similares,
- c) teses, memorias de licenciatura, proxectos fin de carreira, reedicións de libros non revisados ou ampliados, manuais de calquera tipo, libros de texto ou docentes, publicacións relacionadas con exposicións, cursos ou xornadas de formación, así como a función de editor de libros de congresos.

#### 2.2. Capítulos de libros

Se valorarán as achegas ou capítulos en libros con ISBN ou Depósito Legal, publicados en editoriais de recoñecido prestixio nacional ou internacional e cun procedemento selectivo para a aceptación de orixinais.

A puntuación total dun libro dividido en capítulos non poderá ser superior ó valor do libro completo. A puntuación do capítulo de libro dividirase entre o número de autores PDI da USC.

### 3. Artigos en revistas científicas

Se valorarán os artigos publicados en revistas indexadas en WOS (JCR) e Scopus (SJR), ou clasificadas segundo os criterios de CIRC, [Clasificación Integrada de Revistas Científicas](#), atendendo a súa presenza nun cuartil ou tramo da clasificación determinado (vexase táboa), logo da súa ordenación polo índice de impacto, segundo a súa categoría (materia/área), da última versión das bases indicadas. No caso de constar o artigo en dúas ou mais bases de datos usarase sempre aquela onde sexa mellor valorado.

A Clasificación Integrada de Revistas Científicas – CIRC esta deseñada para a súa aplicación en revistas científicas de Ciencias Sociais e Humanas atendendo ao valor que as principais axencias de avaliación españolas lles asignan en función da súa presenza en bases de datos.

No seguinte enlace poden consultarse os criterios de clasificación en CIRC:  
<https://dialnet.unirioja.es/info/ayuda/circ>

A puntuación do artigo dividirase entre o número de autores PDI da USC.

### 4. Patentes concedidas

Teranse en conta as patentes concedidas (rexistradas na OEPM), non as solicitadas, no ano en curso. A puntuación da patente dividirase entre o número de inventores PDI da USC.

### 5. Contratos de transferencia

Teranse en conta calquera tipo de contratos de licencia que estableza nas súas cláusulas algún tipo de contraprestación económica. Valoraranse tanto os contratos de licencia de software como de patentes ou *know-how*. A puntuación do contrato dividirase entre o número de inventores PDI da USC.

## **6. Proxectos competitivos**

Valóranse os proxectos concedidos no ano en curso que consten na OIT ven como IP (ou co-IP no caso de proxectos nacionais) ou como Coordinador dun proxecto europeo ou axudas ERC (Starting, Consolidator, Sinergy ou Advanced Grants).

## **7. Contratos, convenio de I+D e servizos de asistencia técnica**

Valórase o contrato, convenio ou servizo que consten nas bases de datos do Vicerreitorado de Investigación e Innovación por riba dunha certa cantidade e no ano en curso. Os puntos deste ítem asígnanse ao IP do contrato, convenio ou servizo.

### Procedemento para a asignación económica das puntuacións

A asignación anual de puntos por PDI promediarase coa puntuación correspondente a produción científica do investigador nos dous anos inmediatamente anteriores. Para os investigadores novos terase en conta o máximo número de anos posibles (menor o igual que dous).

Co fin de que as unidades organizativas (grupo, departamento, ou instituto) dispoñan dun orzamento que lles permita afrontar gastos asociados a investigación, asignaranse as seguintes porcentaxes de reparto dos fondos do Vicerreitorado de Investigación e Innovación destinados anualmente a Producción Científica (FPC),

- 60% aos Grupos de Investigación. Sempre que (i) o grupo non sexa de Potencial Crecemento ou Referencia Competitiva segundo a clasificación das axudas de consolidación da Xunta de Galicia no ano en curso, e (ii) o Grupo estea rexistrado no Catálogo de Grupos de Investigación da USC.
- 30% aos Institutos de Investigación. Os Centros Singulares quedan excluídos desta axuda ao estar incluídos dentro dun Contrato Programa específico para eles.
- 10% aos Departamentos.

Co obxectivo de que no orzamento dos Institutos e Departamentos contribúa toda a Producción Científica dos seus investigadores, mentres que se vexan apoiados os Grupos de Investigación que non son do programa de consolidación da Xunta,

- O valor do punto VPC para o 60% dos fondos FPC destinados a Grupos de Investigación obtense de dividir esta cantidade entre o número de puntos acadados polo PDI dos Grupos de Investigación que se atopan nos supostos indicados arriba.
- O valor do punto VPC para o 30% dos fondos FPC destinados a Institutos de Investigación obtense de dividir esta cantidade entre o número de puntos acadados polo PDI adscrito a los Institutos de Investigación.
- O valor do punto VPC para o restante 10% dos fondos FPC destinados a Departamentos obtense de dividir esta cantidade entre o número de puntos acadados por todo o PDI da USC.

Por exemplo, si FPC=200k€, o número total de puntos acadados polos investigadores da USC é de 10.000, o número de puntos dos investigadores PDI adscritos aos Grupos mencionados máis arriba é de 5.000, e o número de puntos dos investigadores PDI adscritos aos Institutos é de 2.000 entón,

$$\text{VPC}(60\%) = 0,6 * 200.000 / 5.000 = 24\text{€}$$

$$\text{VPC}(30\%) = 0,3 * 200.000 / 2.000 = 30\text{€}$$

$$\text{VPC}(10\%) = 0,1 * 200.000 / 10.000 = 2\text{€}$$

---

<sup>i</sup> Para os efectos da PC enténdese por PDI non permanente a aqueles investigadores postdoutorais adscritos á USC no marco de programas e convocatorias Ramón y Cajal, Marie Curie, investigadores postdoutorais autonómicos, investigadores/as do programa JIN, investigadores de programas financiados por fundacións privadas ou programas propios ou alleos seleccionados en condición de competencia homologable.